



SOMA DE CRARIDADES
POR
ALVARO CUNQUEIRO
E
UNHA CARTA A LUIS SEOANE
POR
SANTIAGO MONTERO DIAZ

Nestes anos, 2010 e 2011, asistimos á Bienal espléndida de tres grandes galegos, de seu e de nós, que foran de mozos amigos na Compostela da II República: Luís Seoane, Santiago Montero Díaz e Álvaro Cunqueiro. Poñémolos pola data de nacemento. Cada un, no seu ámbito, acadou relevo irrefutable en plúrimos saberes, tantos e tan latos como para que agora conmemoremos o seu centenario.

*Na pintura, na escrita, na cátedra, con vidas ben distintas, galegos de tres mundos, souberon manter aceso o lume e o aloumiño da amizade, e o fervor á Galicia nai. Foi Seoane o que quixo apertar aos tres, no 1977, nesta *Somas de Caridades* en papel de autor, no selo *Cuco-Rey*, edición belidísima para amigos achegados, onde Luís trouxo a lévedo tantos primores tipográficos e artísticos, Álvaro os poemas e Santiago o rigor como crítico, despois de tentar "un esquema de claridades".*

*O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propoñendo e propiciando esta edición facsimilar (en 1999 publicaba o facsímile das publicacións cunqueirás *Galiza, Papel de colore Frol de diversos*), quere antes que nada honrar a estes mestres esclarecidos no fasto secular do seu primeiro centenario, dentro do oxímoro que se asenta no título.*

A seguir, o agradecemento ás institucións e persoas que fixeron posible esta edición, aos herdeiros dos dereitos dos autores: á Fundación Luís Seoane e a César e Álvaro Cunqueiro González-Seco que a autorizan de vez. Memoria fulxente e cálida para os tres mestres que se foron, delicadamente, esvaecéndose na súa propia luz.

Os editores

Luís Cochón

Luís Alonso Girgado

- Edita:**
- Xunta de Galicia
 - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
 - Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

Coordinador Científico

Manuel González González

Director Técnico de Literatura

Anxo Tarrío Varela

Colaboración de:



Imprime:


Gráfica de Asturias, S.L.

ISBN:

978-84-453-5001-0

Depósito Legal:

C 1697-2011



seane



Moore

ALVARO CUNQUEIRO

SOMA DE CRARIDADES

SANTIAGO MONTERO DIAZ

UNHA CARTA A LUIS SEOANE

1932

Edicións CUCO-REI

A CORUÑA

Deste libro fora de comercio fixéronse cento cincuenta exemplares, numerados e firmados do 1 ao 150, levando os grabados das guardas a firma de Luis Seoane.

EXEMPLAR
N.º 29

seoane

Alvaro (un galego)

XUSTIFICACION

Fai coarenta e cinco anos, en 1932, e pra un álbum de dibuxos que quedou na Imprenta Nos, de Santiago, perdéndose na desfeita que sufríu anos máis tarde, fixera Alvaro Cunqueiro catro poemas tidoados «Somas de Craridade, (Poemas provisionaes)», e unha semán despois remitíume os tres novos poemas que consideróu definitivos. O álbum meu tidoábase «Síntese do crime». Denantes de entregalo para sua impresión a Anxel Casal a fins de 1935 sufríu diversos cambeos. Preocupábanme por entón os dadás de Berlín que coñecín a traveso de revistas alemáns, e, sendo o meu dibuxo dabondo personal, as preocupacións temáticas estaban influenciadas por eles aínda que, no meu caso, os temas teñen sido menos siniestros, de acordo, matino, coa miña natureza galega. Tratábase, lémbrome, das angurias que ao home infrinxían os novos ouxetos industriales, de eses anos ou nacidos no XIX. Cunqueiro por aquelas datas publicaba en «El Pueblo Gallego» de Vigo moi atinados pequenos ensaios encol da nova pintura galega. Foi, ao meu xuicio, un dos primeiros que intentou unha clasificación do arte novo de Galicia. Tamén publicóu algún outro artigo nese mesmo xornal sobre temas de arte «naif», encol de Bén e Bó, por exemplo, ao que eu lle fixen un dibuxo. El mesmo por entón dibuxaba e coloreaba os seus dibuxos, que lembraban algún de Paul Klee. En Buenos Aires reproducen un ou dous que me remitíu A Coruña cando eu me tiña establecido de abogado, profesión que exercín con dignidade por pouco tempo, uns tres anos, e que perdín polas mesmas malfadadas datas de «Síntese do crime». E polos mesmos motivos que os da Imprenta Nos de Anxel Casal.

A carta de Santiago Montero Díaz chegoume por intermedio de Arturo Cuadrado a finais de ese mesmo ano 1932. Todos os que fomos amigos e compañeiros de Montero Díaz ademirámolo sempre polo seu inxenio e saber, lembramos as mostras constantes da súa intelixencia e a súa amizade de aqueles primeiros anos do 30. Na miña memoria fixóuse pra sempre o recordo de uns poemas feitos para a máquina de cortar xamón do «Café Central» da Rúa do Vilar, que entón tiña o local que hoxe ocupa unha librería. O surrealismo transmitido por algunhas revistas literarias prendera nun grupo de estudantes e xóvenes licenciados de Santiago. Pode que esté equivocada a miña lembranza, é moi lonxana. Mais por entón en algunhas tertulias de estudantes facíanse colectivamente poemas automáticos e «cadavres exquisitos», dibuxos tamén colectivos, feitos ao xeito de algúns dos surrealistas de París. Montero Díaz publicaba en aqueles anos artigos sobre mostras de arte, entre outros, en «El Faro de Vigo» co pseudónimo de Lázaro Vizcardi. Un deles fíxoo sobre caricaturas que espuxen en 1929, e acerta a definir o que tería de ser unha constante na miña obra, «espontaneidade e sobriedade». Moitos críticos dende entón dixeron o mesmo con estas ou outras verbas en todos estes anos transcurridos, mais o primeiro que acertou a definir o meu arte, e penso que con él a min mesmo, foi Santiago Montero Díaz. Agradecino, como ese diálogo do remate da súa carta que endexamáis deixou de se producir en min ao remate de cada obra. Seoane home nunca deixou de enfrontarse co Seoane dibuxante, co Seoane grabador, co Seoane pintor, co Seoane de moitos outros oficios, traballando sempre en diálogo e discusión co Seoane home.

A Alvaro Cunqueiro e a Santiago Montero Díaz uníame moita amizade por aqueles anos de estudante. Dende lonxe, Buenos Aires, sempre fun sabendo deles a traveso da obra que facían ou por conversas que sostiña con xente que chegaba de

Galicia ou Madrid a esa cidade. Agora publico para un grupo de amigos, os poemas de Cunqueiro e a Carta de Montero Díaz, feita, a derradeira, tamén para ser publicada e que tiña matinado, polo 35, fose epílogo de «Síntese do crime» ().*

LUIS SEOANE

() Os dibuxos que publico son dos primeiros anos do 30. De un deles, a augada que tidoei «Natureza Viva», publiquei unha réplica entón en «Yunque», de Lugo, que dirixía Anxel Fole. Non teño data nin número da revista, aproximadamente, matino, é do ano 1932. Fixen entón unha réplica pra evitar que a reprodución cos matices da augada encarecesen o clisé. Os outros dous foron feitos, xuntamente con outros mais desaparecidos no ano 1936, coa influencia da impresión que me produxeron uns «collages» de Max Ernst, do seu libro «A muller de 100 cabezas», que eu vira nunha revista literaria. Max Ernst aproveitaba, pra facer os «collages», grabados do século XIX que ilustraban obras da primeira metade de ese século. Naturalmente eu non o remedei, senón que utilicei anacos de algunhas desas ilustracións pra alumear os meus dibuxos, imprimíndolle un senso ao tema, o diaño, por exemplo, á expectativa do pecado, resaltando os accidentes de unha paisaxe, como a que rodea a rapaza coas vacas, mais destacando sempre o dibuxo como fundamental.*

As adolescentes de longas trenzas foi un tema moi feito por min por aqueles anos e, o que publico, é propiedade do médico lucense D. Manuel Sandez Figueiras que o herdou do Coengo compostelán D. Robustiano Sández Otero.

Por entón fixen moitas estampas alumeadas con tintas de coores, e, no 36, tiña moitas delas gardadas pra facer unha mostra en Santiago ou na Coruña xuntamente con uns óleos somentes coñecidos por uns poucos amigos. Deses dibuxos cooreados pode que aínda se atopen algúns en casa de amigos ou familiares, mais cuasi todo o que fixen por aqueles anos perdino entre agosto e setembro do 36. Dende entón moitos como eu acostumamos a perder. É posible que hoxe non me gostase o que tiña feito e que nuns poucos anos mais os tivese rachado todos e comenzase lo-

go a refacelos. Cecáis prefiro non telos visto mais e gardar unha lembranza malencónica deles. Seis anos despois fixen a miña primeira exposición en Buenos Aires de dibuxos e en 1948 a primeira de óleos. Entre o 36 e o 48 fixen pra semanarios moitísimos dibuxos satíricos, a maioría con pseudónimo, referidos a política española e europea que non teño recollido. A pintura de 1948, mais ben realista, estaba feita con unha materia espesa e rica en terras representando temas xurdidos das miñas lembranzas de Galicia, e fun cambéandoa deica chegar á de hoxe, de grandes planos de coor, abstractos en moitos casos, baixo un grafismo en negro mais ou menos acentuado. Engado: Teño feito miñas algunhas esperencias de algúns dos ismos do meu tempo mais sin me inscribir a nengún deles. Esto é o que me compre decir agora.

ALVARO CUNQUEIRO

SOMAS DE LARSADES

—poemas provisionales—

ao tris seoune



1

duas luces en par
e duas liñas ...entre si?
Xa non se sabe:
 perfis internos
e pranos torpes.
Cadro. Duas somas sob de si

2

Toda a casa anda chea de uncos
d-espello.
Xa non caben -exactitudes, inalbas-
na punta -cirio, indice-
do lápiz inocente.
Interior. Duas luces en par

Duas luces en par
e duas liñas... ¿entre si?

Xa non se sabe:

perfís internos

e pranos torpes.

Cadro. Duas somas sob de si.

Toda a casa anda chea de anacos
d-espello.

Xa non caben —exactitudes, i-albas—
na punta —cirio, indice—
do lápiz iñocente.

Interior. Duas luces en par.

Xa están —agora xa si—
todos. Vísperas. Rectángulos.

Ocograbado.

A mesma noiva infeliz
i-o mesmo cóbado na mesma intención.

Tres homes. ¡Como ollos fora,
colgados na difusa extensión.

Casa mã. Duas somas baixo si
e duas luces n-unha craridá.

Boca. ¡Que hourizonte entrañado
o que ollada matinal!

—Dibuxo: campesiños ledos—

¡Que xusta marea

e que xusto pinar!

Peitos —témpanos— en celestial enredo.

¿Homes?

Mozas. Vans remoidos i-outa cibdá.

Nota:

¡Que teitos outos, que cib-
dá tan crara!

No Sant'lago, a 7-xunio-1932

alvaro conqueiro mora



SOMAS

III

(RARIDADES

POEMAS PARA UN ÁLBUM DE
DIBUJOS, DE LUIS SEDANE.
EN SANT-IAGO, JUNIO, 1932.



LUZ

Deixa. Os fros andan a pidir

mastros. E iso é un ben.

Cada paso nasce inventado pol-as escumas.

Cada vidro nasce inventado pol-as calugas,

Eu, o home cansado das loitas,

fixamente, por unha fenda... ¿LUZ?

Non: fiestra, herdo azul,

docemente salvaxe.

SOMA

É o ar que anda creála.

Ten conta!

Non deixes que fuxa —par e par—
a precisión infatigavei —SOMA!—
da mais lonxana carne das cousas.

LIÑA

Tres fatigas: arcos, homes, límites.

Descansos —descensos— infinitos:

auga,

moza,

arbre.

Unha cardinal de i-alba

i-outra —outo campo— de adolescenza soia.

Cadrado prano.

SANTIAGO MONTERO DIAZ

UNHA CARTA A LUIS SEOANE

Compostela, 15-XII-32

Querido Seoane:

Esta es la primera vez que te escribo sobre dibujo. La primera, pero seguramente no la última. Me encuentro un poco confuso. Intentaré salir de mi oscuridad con un esquema de claridades.

Te hablaré de un dibujante que tú conoces. El dibujante Seoane, que tú tan ferozmente criticas en las horas solitarias, que llaman por ahí horas de autocrítica.

Te contaré la historia —mejor, lo que yo se de la historia— del dibujante Seoane.

Nació Seoane, dibujante, hace cuatro años. En 1928. Cuando Seoane, hombre, llevaba ya existencia de adolescencia culminada en vocación de arte.

Yo le vi nacer. Pero poco después le perdí de vista. Pasaron meses, años, kilómetros, tierras, episodios. Y un buen día sobre un Yunque lucense, encuentro de nuevo la huella de Seoane, dibujante.

La miré con una ansiedad fraternal y con objetividad de detective. Seoane, dibujante, no se había malogrado.

De recién nacido, cuando yo le dejé, tenía una potente capacidad de bien lograrse. Vi entonces unas caricaturas suyas. La mía entre ellas. Era joven, inexperto, y tenía de ingenuo lo que la ingenuidad tiene de valioso.

Pero aquel Seoane dibujante, recién nacido entre pañales de rasgos valientes, poseía un tino difícil en la infancia. Sin que nadie se lo dijera, sin vivir las páginas de «L'Art vivant»,

sin saber de arte ni gramática parda, sabía escapar de la caricatura viejo género. Sabía que las caricaturas con grandes cabezotas son máscaras vacías. Sabía que el objeto del dibujo no es la risa. Sabía que la caricatura de un hombre puede muy bien ser su definición. Y muchas veces, definía al dibujar. Balbuciente, pero seguro.

(No está de más recordar al Seoane, hombre contemporáneo de aquel recién-nacido Seoane dibujante. Era un estudiante enamorado de un mito cercano. Pronunciaba con pasión la palabra República y se exaltaba entre las rebeldías adolescentes contra una dictadura de sangre y carnaval).

Al transir los años, y al sentirse transido por ellos, ambos cambiaron hondamente, pero fieles a su línea. Seoane, hombre, aprendió que sus mitos de entonces no eran suficientes. (Esto mismo lo aprendimos muchos...). Comenzó a buscar lo social tras lo político, y a pensar más en las reivindicaciones sociales que en los rótulos de las constituciones.

Seoane, dibujante, también aprendió muchas cosas. A saber: que el arte puro es un fantasma impuro; que el arte no debe ser social por adjetivo sino por esencia; que el arte social no es a la fuerza arte doloroso y contorsionado, sino que puede ser vital, alegre y ubérrimo...

Y estas otras: que el dibujo no reproduce la naturaleza de fuera, sino de dentro del artista; que las líneas pueden significar más cuando más se simplifican; que el símbolo está en relación inversa con el detalle.

Y todavía más: que el dibujo es, como Satanás, soberbio; que el arte dice *non serviam*, y, en efecto, no es siervo de nadie, sino es de su misma esencia, lo social.

Tales reflexiones me hacía yo viendo aquella huella del di-

bujante que vi nacer. Viéndola en Yunque, en forma de exaltación esópica de la naturaleza, en una doble escena en que las bestias se humanizan al fecundarse... y los hombres se humanizan más todavía.

Una fecundación que era a la vez coito y muiñeira; sobre un campo de helechos, mucho más honorable que un heráldico campo de lises.

Allí había, como en el arte cineasta ruso, una exaltación viva de lo natural, de la reproducción dinámica y creadora. Recordaba aquella estampa de La Línea General, en que una madre hace con el perfil de su vientre marco prometedor de un panorama de tractores. O aquella otra en que dos bestias en orgasmo realizan una escena de las Geórgicas, escritas por un Virgilio proletario, de mono azul y desconocedor de Augustos y Mecenas.

Me daba cuenta, en efecto, de que nuevos y potentes ideales dignificaban y potenciaban al antiguo recién nacido ahora hecho lápiz vitalísimo. Porque no sólo había allí un tema profundamente sentido: había también una simplicidad genial, una admirable capacidad alegórica; una juvenil energía.

Pero después vi nuevas pruebas.

La historia de *ella* en seis escenas, para el libro de un poeta nuevo. Te contaré yo mismo esa historia, que tal vez conozcas.

a) Ella y él. Dos retratos donde la simplificación de elementos toca el límite de la complejidad viva de ternura. Ella; largas trenzas, gallega universalidad y sutil bondad.

b) Ella sola. Freud ha vuelto del revés un retrato. Momento propicio a un Mefistofeles tentador. (Un lecho de hierro, áspero sin él, se ha evadido al rincón). La sutil concreción del dibujo deja paso a la avalancha de sugerencias.

c) El. Todo recuerdos de ella; ojos entrecerrados; brazos asidos y sin embargo inasibles. También en soledad de alcoba. (No tan profunda soledad que la personalidad vigilante del di-

bujante no asome por todos los rincones, hechos de repente ventanales).

d) Momentos de la adolescente. (El lecho, el peinado, la ventana. Tres momentos de la adolescencia de una virgen; sin otras complicaciones que los bajos fondos lacustres y freudianos de su propia inocencia).

e) La cita —hecha abrazo de irresistible oferta— y el paseo novial. (Novios sin cara, tacto todo ellos, manos y piel encendidas). Paseo de novios: círculo misterioso de los adolescentes... Strawinski.

y f) Por fin, en un ataúd que no perdió su semblante alegre de cuna, ella, siempre rostro triste, ojos irremediables de virgen —hechos pestañas solamente desesperadamente— largos vestidos y breve cruz. Presencia de estrellas y vuelo de ángeles tristes, ángeles adolescentes de un Murillo loco, sin sexo, sin risa (pero con simbolismo genial).

Vi también nuevas cosas.

Vi también dos libros. Uno HUELLAS —en que un dibujante se rebela a seguir servilmente las de un versificador. Y emprende nuevo camino, traza huellas autónomas, hacia objetivos propios del dibujo, hábilmente contenidos en un generoso derroche de expresión. Y un MAR AO NORDE donde no han naufragado, milagrosamente salvadas en barquitos de papel, sirenas tristes que siguen siendo mozas de muelle, mojas y evangélicas. (Recordad a San Francisco, ardiente predicador de Cristo a pajaritas de papel con alas de mística). Mar ao Norde: una sirena auténtica en naufragio de verdad; loca carrera de aldeanas por veredas de dibujo novísimo.

Y Esbozos de dibujos. Maternidad, muiñeira, el pescador de peces y de horas... Y sobre todo un asombroso árbol sin

fin, escola, donde niños de Goya trepan un tronco sin término ni comienzo, quizás para alcanzar una fruta cercana o un destino infinito. (Escola y esfuerzo. Escuela de esfuerzo en un artista con concepciones vigorosas. Y de trazos dignos).

Finalmente: una galería de retratos. Retratos que son caricatura pura: es decir, definición y selección psicológica. Síntesis de lo huidizo —el gesto— en lo eterno —el rasgo—. A saber: Manteiga, un excéptico malgré lui; Domínguez, el hombre que quizás sepa de qué y de quién se ríe; Barbeito, soñando en parecerse no sé a quién; Eiroa, tallando mármoles en *un taller bajo un cráneo*; Cuadrado, atento siempre a las cosas, a los hombres y a sí mismo; Fole, alerta a su interior; Maside, arrugado de preocupación genial.

Y más, muchas cosas más podría decir. El recién nacido navega ya por cauces de virilidad dibujante. Más, muchas cosas más podría decir. Pero con el tiempo y Dios mediante, se dirán. Ahora callo, porque se oyen otras voces).

DIALOGO FINAL

Seoane, dibujante, 4 años.—Ya ves, lo que dice de mi obra una boca leal. ¿Qué dices tú a eso?

Seoane, hombre 21 años.— Desconfío de tí.

Seoane, dibujante.—Sí. Eres mi crítico más implacable. Acosas acerbamente mis desvelos.

El hombre.—Es mi deber.

El dibujante.—Tu ingratitud.

(Yo espectador, no puedo reprimirme y vuelvo a hablar:

Haces bien, Seoane hombre, en ser acerbo con tu hermano Seoane dibujante. Y tú, dibujante, en rebelarte contra el hombre. A lo del uno le llamo virtud: disciplina interior, autocrítica. A lo del otro le llamo virtud: tenaz decisión de atrapar su propio destino...)

Seoane, dibujante: ¿qué dices ahora?

El hombre.—No sé... Esa voz es leal... Pero déjame en paz. Alguna vez creeré en tí. Ahora me basta con que los demás crean. Pero si no me creen, no me preocupa. Yo velaré sobre tí, con la severidad de un padre.

El dibujante.—Eres duro... Pero tal vez tengas razón. Sin embargo, sé que en el fondo confías en mí.

EL HOMBRE no responde. Se entrega a otros trabajos. Se absorbe. Se olvida del dibujante. El derecho, la política, otras ocupaciones le devoran. El dibujante, silenciosamente, se yergue en su asiento, se acerca al hombre y entra en su ser. El espejismo se ha deshecho. Ya son uno los dos. Pero no te apresures, Montero Díaz. La desaparición es temporal. Volverás a verlos frente a frente. En esa batalla por una continuación constante que son los dibujos —siempre recién nacidos— de quien es ya en el arte virilidad plena.


SANTIAGO MONTERO DIAZ

DIBUXOS




As irmanciñas - Augada

O demo axexando. Dibuxo e «collage»



Picasso

Rapaciña e vacas. Dibuxo e «collage»





Este libro composto de sete poemas de Alvaro Cunqueiro, «Soma de craridades», e unha carta de Santiago Montero Díaz, para Luis Seoane, feito ao coidado gráfico de L. S. na Imprenta Moret, Marqués de Amboage, 16, A Coruña, rematouse de imprimir o día 30 de Mayo de 1977.



slane



Sloane

